

CENTRO: CEIP COUTADA-BEADE

DEPARTAMENTO: MÚSICA EDUCACIÓN INFANTIL

DATA: 12. 5.2020

LINGUAXES: Comunicación e representación.

A música como expresión artística é unha das áreas que contribúe a formación integral dun alumno na etapa Infantil. Desenvolve as súas capacidades cognitivas, expresivas, creativas e a sensibilidade para unha escoita activa.

Os capacidades **musicais** que se traballan, integradas no bloque de linguaxes: comunicación e representación, son:

- Participa con interese en actividades expresivas musicais
- Explora as propiedades sonoras do corpo
- Acórdase das cancións e fragmentos de música traballados
- Explora as posibilidades sonoras da voz
- Reproduce esquemas rítmicos
- Participa activamente na interpretación de danzas colectivas
- Desenvolve a capacidade de expresión e comunicación a través do ritmo, a danza, e a música.

Os bloques de contidos musicais específicos que se traballan son: *a canción, o ritmo, movemento e danza, audición, instrumentación e percusión corporal.*

Analízanse os logros e avances acadados polo alumnado durante todo o curso escolar, valorando especialmente os progresos conseguidos.

Neste 3º trimestre resulta complexo valorar as aprendizaxes musicais do alumno de modo telemático, posto que estas actividades mencionadas requiren a observación e a escoita presencial do alumno/a, así como un proceso de ensino directo e activo, de repetición e afianzamento. Ademais, moitas prácticas requiren o traballo en grupo, posto que as danzas, a instrumentación, a expresión corporal, e o feito sonoro, non se realizan individualmente.

Antes as circunstancias excepcionais deste 3º trimestre, os alumnos/as de 4º, 5º e 6º de E. Infantil, contan cun **Blog de Música**, no enlace **maticesmusicais.blogspot.com** no que poden aprender e escoitar cantigas, practicar ritmos, escoitar audicións, e aprender algunha danza, xogar cos nomes e timbres dos instrumentos, actividades de repaso ou reforzo, e algunha canción e danza novas.

Este Blog foi creado especialmente para que teñan recursos e propostas musicias, axeitados a estas idades. Indudablemente, a colaboración das familias, dentro das súas circunstancias persoais, é importante para que poidan axudalos e aprender con eles dende a casa.